


# PROGRAMACIÓN DO AULA DE AUDIÇÃO Y LENGUAJE



MESTRA: FRANCO SOTO MARÍA

CENTRO: IES AS LAGOAS

CURSO: 2023-2024

## 1. INTRODUCCIÓN:

“Si enseñamos a los niños a aceptar la diversidad como algo normal, no será necesario hablar de inclusión, sino de convivencia”

Partindo da frase que encabeza esta páxina e uníndoo coa idea de que os centros educativos son un reflexo da sociedade na que nos atopamos, diversa e plural, faise necesaria unha intervención educativa que contemple como principio a atención a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garantiza o desenvolvemento de todos eles, ao mesmo tempo que se lles ofrece unha atención específica e personalizada en función das necesidades de cada un.

Para Francisco Imbernón (2010) “a programación é un proceso continuo que se preocupa non soamente do lugar ata onde ir, senón tamén dos medios e camiños máis axeitados”. Neste sentido, dende a especialidade de audición e linguaxe, e a través da interrelación dos distintos elementos curriculares establecidos na actual normativa reguladora (LOMLOE), vaise permitir deseñar un “traxe curricular” a medida e axeitado as Necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que presenta o noso alumnado, e vai a facilitar a planificación das actuacións que se van a levar a cabo no centro en relación a atención a diversidade. Ditas actuacións quedarán definidas nos distintos documentos de centro, máis concretamente, no PE, no PAD, nas PA, e no seu caso, nos PI.

A intervención de audición e linguaxe plantexa unha interrelación entre a avaliación e o propio proceso. A avaliación é o primeiro paso para a posterior intervención, pois é o punto de partida para a toma de decisións e o mecanismo clave para unha intervención eficaz.

A intervención é un sistema deseñado coa intención de facilitar ao alumnado o acceso á comunicación e a linguaxe, considerando actividades, contextos, experiencias, materiais...

Isto, supón realizar o verdadeiramente importante; identificación de necesidades, prevención de dificultades lingüísticas, deseño cooperativo de programas, desenvolvemento colaborativo dos mesmos, avaliación dos seus defectos e reflexión e intercambio de experiencias.

Polo tanto, o noso desexo permanente de facer mellor o traballo e como achegamento cara á calidade educativa, baseámonos nos dez puntos que propón J.L. Gallego Ortega, como **indicadores** de calidade na intervención da linguaxe:

1. Avaliación inicial, como punto de partida para a toma de decisións.
2. Realización de programas personalizados; según as necesidades atopadas, partindo do grao de desenvolvemento do neno/a e atendendo as súas expectativas.
3. Atención continua; implica un programa sistemático e coherente.
4. Intervención colaborativa entre todos os implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
5. Satisfacción dos axentes implicados, alumnado, familias, mestres, como estado de benestar anate unha actuación ben feita.
6. Enfocar a intervención en todos os compoñentes da linguaxe; pero si o último fin da reeducación da linguaxe é a intercomunicación, o enfoque será comunicativo, funcional, pragmático, obxectivo prioritario de calquera programa rehabilitador.
7. Atención dende unha dobre vertente: preventiva e compensadora.
8. Formación permanente, entendida coma un proceso de actualización continua.
9. Implicación da familia. Compromiso participativo e responsable.
10. Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación.

## 2. MARCO LEGAL:

- ⑩ Ley Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 (LOMLOE).
- ⑩ Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o ROC dos IES
- ⑩ R.D. 217/2022, de 29 de Marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO.
- ⑩ Orde do 26 de Maio de 2023 pola que se desenvolve o D. 156/2023, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na CAG e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- ⑩ Decreto 120/98 que regula a orientación educativa e profesional en Galicia.
- ⑩ Orden do 24 de Xullo de 1998 que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.

- ⑩ Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG na que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación.
- ⑩ Circular 8/2009, que regula algunhas medidas de Atención á Diversidade na ESO.

### 3. FUNCIONES MESTRE/A ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE:

O aula de audición e linguaxe, de modo xenérico, é un recurso de axuda á integración do alumnado que presenta necesidades xeneradas ou xeneradoras de integración do alumnado que presenta dificultades na adquisición ou desenvolvemento da linguaxe. A súa finalidade é atención temperá para a estimulación da comunicación e a linguaxe establecendo, si é preciso, sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación e por outra banda, rehabilitadora cando na adquisición ou desenvolvemento preséntanse alteracións. O especialista en AL é o profesional cuxa función consiste en establecer, facilitar e potenciar a comunicación.

En colaboración co resto de profesorado, desenvolverei con carácter prioritario a atención individualizada ao alumnado non NEAE asociadas a discapacidade psíquica, sensorial, motora, plurideficiencias e trastornos graves de comunicación asociados a lesións cerebrais ou alteracións da personalidade, atendendo tamén ao alumnado con necesidades educativas derivadas das dificultades na comunicación, linguaxe e fala.

Ademáis, facilitarase ao alumnado o acceso ao currículo (intervención directa), así como asesoramento ao profesorado e familias, promovendo actuacións de prevención de problemas da fala e da linguaxe (intervención indirecta).

#### FUNCIONS COS/AS TITORES/AS:

- ⑩ Propiciar un acordo valorativo sobre as necesidades educativas do alumnado.
- ⑩ Coordinar actuacións de: fijación de horarios e decisión sobre os espazos de actuación, actividades de coordinación entrevistas coas familias....
- ⑩ Elaboración e adaptación de materiais didácticos...

#### FUNCIONS CO CLAUSTRO:

- ⑩ Implicación na elaboración do PE.
- ⑩ Análise das dificultades detectadas no progreso escolar do alumnado.
- ⑩ Implicación nas tarefas de orientación e asesoramento..



#### FUNCIONS CO ALUMNADO:

- ⑩ Atender aos ACNEAE a través de programas específicos.

- ⑩ Ofrecer un ambiente especial de aprendizaxe.
- ⑩ Establecer un marco de relación específico.
- ⑩ Propiciar un coñecemento detallado das condicións personais e as súas necesidades.
- ⑩ Desenvolver actividades especificamente dirixidas á recuperación das súas dificultades

#### FUNCÍONS COAS FAMILIAS:

- ⑩ Información e orientación.
- ⑩ Establecer un vínculo especial de coordinación e compromiso pedagóxico.

#### FUNCÍONS CO EOE:

- ⑩ Detectar e canalizar as necesidades de asesoramento.
- ⑩ Facilitar información acerca das distintas patoloxías.

#### MEDIDAS DE ACTUACIÓN XUNTO CO DO:

- ⑩ Prevención e detección das dificultades de aprendizaxe.
- ⑩ Identificación e valoración das NEAE que presenta cada alumno/a.
- ⑩ Distribución temporal e frecuencia de asistencia dos ACNEAE as súas aulas.
- ⑩ Asesoramento ao profesorado no establecemento de contidos e metodoloxía específica para os ACNEAE.
- ⑩ Elaboración e posta en común de materiais específicos para os ACNEAE.
- ⑩ Colaboración na elaboración de adaptacións curriculares significativas para os ACNEAE coa colaboración do equipo educativo e o asesoramento do EOE.
- ⑩ Asesoramento as familias na súa práctica educativa.
- ⑩ Favorecer o desenvolvemento integral dos ACNEAE e a súa plena inclusión no centro educativo.
- ⑩ Fomentar en todo o ámbito escolar actitudes positivas cara á diversidade.
- ⑩ Manter unha relación constante e coordinada cos/as titores/as, as familias e todos aqueles profesionais implicados nos distintos casos.
- ⑩ Cooperar con outros Servicios Educativos e Sanitarios cando as demandas de actuación impliquen a outros Centros e Institucións.

#### 4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

En canto ao alumnado do IES As Lagoas, reciben apoio un total de 16 nenos/as tanto por parte do especialista de AL coma PT. Aínda que este número sempre varía

dependendo dos resultados da primeira avaliación e tamén ao incorporarse ao centro alumnos/as de ITSE.

A miña atención como especialista de audición e linguaxe, vai dirixida ao alumnado con dificultades na comunicación e da fala, dificultades de aprendizaxe e/ou discapacidade intelectual. Así como, NEE asociadas a TEA para mellorar funcións executivas ou habilidades sociais, resolución de conflitos...

No centro, tamén está integrado un alumno con NEE asociadas a TEL, o cal, está a conseguir resultados académicos satisfactorios a pesares das súas dificultades de expresión.

En resumo:

#### 1º ESO:

- ⑩ Unha alumna con labio leporino e dificultades de aprendizaxe que cursa con adaptación curricular dende EP.
- ⑩ Unha alumna de ITSE con dificultades na lingua (alumna refuxiada).
- ⑩ Un alumno de ITSE con desfase curricular (posible alumno de adaptación curricular significativa o próximo curso).
- ⑩ Un alumno de etnia xitana con desfase curricular por dificultades de aprendizaxe (absentismo escolar).
- ⑩ Un alumno con dificultades na comunicación e relación social.
- ⑩ Un alumno con dificultades na lecto-escritura e as matemáticas.
- ⑩ Un alumno con dificultades de aprendizaxe por insuficientes hábitos de estudo (pouca autonomía, motivación...)
- ⑩ Unha alumna con labio leporino con dificultades de aprendizaxe e dificultades na fala.

#### 2º ESO:

- ⑩ Unha alumna con TDAH e dislexia
- ⑩ Un alumno con TDAH (cursa con adaptación curricular significativa en matemáticas, lingua galega e lingua castelá).
- ⑩ Unha nena con dificultades de aprendizaxe con adaptación curricular significativa en: matemáticas, lingua galega, lingua castelá e inglés)
- ⑩ Unha alumna con dificultades de aprendizaxe.
- ⑩ Unha alumna de ITSE con desfase curricular

#### 3º ESO:

⑩ Unha alumna de ITSE con dificultades na lingua (alumna refuxiada) e está a presentar dificultades para relacionarse cos compañeiros, facer novos amigos, ben pola situación vivida, inseguridade a hora de falar correctamente...

⑩ Un alumno con discapacidade intelectual con adaptación curricular en case todas as materias.

⑩ Un alumno TEA con adaptación curricular en case todas as materias (comezou o curso, pero agora atópase en réxime interno no centro de menores).

En canto a organización do horario, todos/as os alumnos/as saen en pequeno grupo ao aula de audición e linguaxe agás a alumna de 3º da ESO que sae unha hora ao aula de AL e outra a intervención lévase a cabo dentro do grupo-clase (PDC), para intentar ao mesmo tempo implicar a nena a relacionarse máis cos seus compañeiros.

## 5. COMPETENCIAS CLAVE:

Tal e como se recolle nos obxectivos, unha das prioridades co alumnado é o desenvolvemento e fomento das competencias. Trátase de **“formar persoas para á vida persoal, social, académica e profesional”**. Que consigan aplicar e transferir o aprendizaxe previo ao seu entorno, formalos como persoas o máis competentes posible. Para conseguilo, a dinámica diaria no aula será a través de actividades e situacións nas que terán que empregar as súas propias estratexias facendo un uso funcional e racional dos aprendizaxes adquiridos.

## 6. OBXECTIVOS:

Os obxectivos que ímos a tratar no aula de AL son os seguintes:

⑩ Desenvolver os mecanismos básicos da linguaxe (audición, voz e articulación) e as dimensións da linguaxe (forma, uso e contido).

⑩ Favorecer o desenvolvemento da comprensión e a produción lingüística.

⑩ Levar a cabo unha avaliación inicial para determinar o nivel de competencia curricular, unha avaliación continua dos alumnos/as, para observar avances e retrocesos, e unha avaliación inicial.

⑩ Colaboración co equipo educativo do alumnado.

⑩ Promover e favorecer a integración do alumnado.

⑩ Atender de forma personalizada a cada alumno/a en función das necesidades educativas.

- ⑩ Determinar os obxectivos a conseguir con cada un dos alumnos/as cuxa finalidade última é a de ter un dominio funcional das catro habilidades básicas da lingua: falar, escoitar-dialogar, ler e escribir.
- ⑩ Fomentar nos alumnos/as unha actitude positiva cara á linguaxe.
- ⑩ Mellorar o desenvolvemento da linguaxe oral e escrita, compensando as NEE asociadas as dificultades dos/as alumnos/as, dando apoio directo individual ou en pequeno grupo, favorecendo con isto, a consecución dos obxectivos xerais do currículo establecido.
- ⑩ Colaborar nas adaptacións curriculares significativas na área da linguaxe.
- ⑩ Elaborar materiais útiles para o alumnado
- ⑩ Levar a cabo programas concretos de intervención nas diferentes áreas comunicativo-lingüísticas da linguaxe para todo o alumnado que o necesite.
- ⑩ Levar a cabo programas concretos de intervención nas diferentes áreas da linguaxe: semántico-pragmático, fonética-fonoloxía e morfosintaxis, naqueles alumnos que así o requiran.

## 7. CONTIDOS:

A priorización dos contidos que se fai, irá dirixida a mellorar a aúas habilidades comunicativas e, polo tanto, traballanse os seguintes contidos xerais:

- ⑩ Uso de habilidades comunicativas básicas.
- ⑩ Desenvolvemento de habilidades mentais.
- ⑩ Uso social da linguaxe (habilidades sociais básicas).
- ⑩ Fomento e desenvolvemento de habilidades lingüísticas (aspectos máis formais da linguaxe).
- ⑩ Desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita a través da imaxen.
- ⑩ Coñecemento positivo das posibilidades da súa propia fala.

## 8. INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

Todas as intervencións estarán coordinadas coa mestra especialista en PT e cos profesores/as das áreas correspondentes, tratando así de evitar ao máximo, actuacións singulares e paralelas do especialista, respecto a programación e a responsabilidade dos profesores/as cara á todo o alumnado. Todas as intervencións converxerán coa PA.

Dentro do aula de AL, ofreceráanse ferramentas básicas para mellorar a comunicación e a linguaxe mediante PI. Así como programas de RE para atender as distintas dificultades de aprendizaxe.

## 9. METODOLOXÍA:

Procurarase levar a cabo unha metodoloxía baseada nos principios fundamentais de aprendizaxe significativ, tratando que sea individualizada, personalizada e activa. No desenvolvemento das intervencións, terase sempre presente o uso de material manipulativo dentro dun contexto lúdico, combinando o modelo estruturalista e funcional (iniciativas do alumno/a), con control de posibles distractores e facilitando o aprendizaxe por descubrimento.

É imprescindible individualizar a metodoloxía de traballo co alumnado que presenta NEE, do mesmo modo que se fai ao seleccionar os obxectivos. En todo caso, a flexibilidade organizativa no centro é requisito indispensable para levar a cabo unha correcta integración escolar de estos alumnos/as.

## 10. MATERIAIS, RECURSOS E ORGANIZACIÓN DO AULA:

No aula cóntase con todo tipo de material didáctico, así como un banco de recursos específicos. Para isto, establecéronse os seguintes obxectivos:

- ⑩ Manter actualizado o material didáctico.
- ⑩ Elaborar material axeitado as NEAE do centro e do alumnado.
- ⑩ Adaptar os materiais didácticos ordinarios do centro ao alumnado con NEAE.
- ⑩ Seleccionar e adaptar materiais didácticos concretos para cada alumno/a con NEAE.

## 11. AVALIACIÓN E AUTOAVALIACIÓN:

A avaliación é o instrumento que nos permitirá comprobar o nivel de logro das metas educativas que nos propuxemos alcanzar. Realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de detectar cales son as necesidades educativas particulares de cada alumno/a, sobre a que se baseará a nosa intervención concretada en programas. En dita avaliación, observaranse aspectos da comunicación e da linguaxe nas súas tres dimensións.

Trimestralmente, realizarase unha reunión de avaliación de seguimento cos profesionais que participan na labor educativa do alumnado. Realizaranse titorías coas familias, que permitan coñecer os avances do/a alumno/a. E por último, levarase a cabo unha avaliación final, onde estarán todos os profesionais implicados na intervención educativa do alumnado, para valorar o nivel de consecución dos obxectivos propostos.



A avaliación terá un carácter continuo sendo favorecida polo tratamento dos alumnos/as de forma individualizada ou en pequeno grupo. Este modelo permite a posibilidade de realizar as modificacións do programa atendendo as necesidades do alumno/a.

En canto a autoavaliación da práctica docente, contribúe a ofrecer unha ensinanza de calidade ao alumnado. Esta actividade de autocrítica facilita que os docentes podamos valorar o grao de adecuación de obxectivos, contidos e metodoloxía plantexados e deste modo introducir os cambios que sexan necesarios.

Como instrumento para levar a cabo esta labor dispongo: diario de aula onde regularmente anoto as incidencias acontecidas tras cada sesión, das aportacións do profesorado que imparte clase ao alumnado... Todo isto, facilita a autoreflexión sobre a práctica docente e a posibilidade de adoptar as medidas necesaria. Ademáis, tamén conto cunha serie de ítems que se cumprimentarán ao finalizar o curso co obxectivo de valorar aspectos concretos.

- ⑩ Cumplíronse os obxectivos marcados nos pPI establecidos?
- ⑩ Houbo algunha actividade na que o alumno/a non participou como se esperaba?
- ⑩ As actividades foron realizadas polo alumno/a con interese?
- ⑩ A metodoloxía empregada foi efectiva á hora de traballar co alumno/A?
- ⑩ Que actividades foron satisfactorias?
- ⑩ Considera oportuno o tempo empregado nas sesións e o número semanal?
- ⑩ Consideras que os recursos empregados foron motivadores?